

Trinta e catro. O primeiro parágrafo da disposición adicional cuarta queda redactado do seguinte modo:

«As taxacións dos últimos 5 exercicios, que as entidades de taxación deben conservar nos seus arquivos de conformidade co previsto no artigo 12.1 do Real decreto 775/1997, do 30 de maio, incluírán unha copia completa dos informes de taxación e os seus anexos, ben como do certificado ou certificados que, se for o caso, os sintetizasen e, no caso de levantamento dun condicionante, da declaración expresa e razoada da entidade que subscribiu o informe que o contiña nos termos preceptuados polo artigo 14.2. Tamén conterán a documentación utilizada para a súa elaboración ou unha referencia documental a ela ou ao arquivo público en que se encontre.»

Trinta e cinco. Engádesse unha disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Primas de risco e marxes de beneficio.*

As primas de risco a que se refire o artigo 38.3 e as marxes de beneficio do promotor indicadas no artigo 41 non poderán ser inferiores ás que se establecen nas táboas que, para cada unha delas, se indican a seguir, ou ás que resulten da súa revisión conforme o previsto no derradeiro parágrafo desta disposición:

Tipo de inmoble	Prima de risco sen financiamento nin imposto sobre a renda de sociedades (IRS)
Edificios de uso residencial:	
Vivendas primeira residencia .	8
Vivendas segunda residencia .	12
Edificios de oficinas	10
Edificios comerciais	12
Edificios industriais	14
Prazas de aparcadoiro	9
Hoteis	11
Residencias de estudantes e da terceira idade	12
Outros	12

No caso de edificios destinados a varios usos a prima de risco mínima obterase ponderando as primas de risco mínimas sinaladas anteriormente en función da superficie destinada a cada un dos usos.

Tipo de inmoble	Marxe sen financiamento nin imposto sobre a renda de sociedades (IRS)
Edificios de uso residencial:	
Vivendas primeira residencia ..	18
Vivendas segunda residencia ..	24
Edificios de oficinas	21
Edificios comerciais	24
Edificios industriais	27
Prazas de aparcadoiro	20
Hoteis	22
Residencias de estudantes e da terceira idade	24
Outros	24

Cando se teña en conta o financiamento alleo, as marxes sen financiamento sinaladas deberán ser modificadas en función da porcentaxe dese financiamento (grao de apancamento) atribuída ao proxecto e dos tipos de xuro habituais do mercado hipotecario.

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, logo do informe da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá revisar as primas de risco e marxes contidas nesas táboas, tomando como criterios básicos a evolución do mercado inmobiliario, e os tipos de xuro da débeda pública a longo prazo, o índice de prezos de consumo ou calquera outro factor que a xuízo deses organismos inflúa no seu valor.»

Trinta e seis. Engádesse un segundo parágrafo á disposición derradeira primeira coa seguinte redacción:

«Habilitase a CNMV para establecer a forma de envío da información que solicite ás sociedades de taxación, de acordo co previsto no número 3 do artigo 15 do Real decreto 775/1997, do 30 de maio, sobre o réxime xurídico de homologación dos servizos e sociedades de taxación.»

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta norma.
2. Queda derogada expresamente a disposición transitoria única da Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 4 de outubro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18141 *REAL DECRETO 1290/2007, do 28 de setembro, polo que se modifica, con vixencia até o 31 de decembro de 2013, o Real decreto 1225/2005, do 13 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións ás organizacións interprofesionais agroalimentarias.* («BOE» 249, do 17-10-2007.)

Mediante o Real decreto 1225/2005, do 13 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións ás organizacións interprofesionais agroalimentarias, aprobouse o marco xurídico básico do réxime de axudas a esas organizacións. A súa disposición adicional única, co título de «Condición suspensiva», establece que «O pagamento das subvencións concedidas ao abeiro deste real decreto quedará condicionado á decisión positiva da Comisión Europea sobre a súa compatibilidade co mercado común, de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea».

A natureza representativa e carente de ánimo de lucro das organizacións interprofesionais agroalimentarias, as finalidades específicas que presiden o seu funcionamento e as destacadas funcións de representación xeral dos intereses do sector agroalimentario, de interlocución e de colaboración coas administracións públicas que estas asumen, conferiu especiais dificultades ao proceso de someter o réxime xurídico das axudas ao xuízo da súa compatibilidade cos principios contidos nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario.

Os servizos da Comisión Europea invitaron as autoridades españolas a retirar a subvención de gastos de funcionamento do réxime de axudas notificado, mentres que a recente aprobación dun novo documento sobre directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal no período 2007-2013 (DO C 319 do 27.12.2006), obriga a realizar certas adaptacións e modificacións no réxime de subvencións implantado, con obxecto de garantir a súa plena adecuación ao marco comunitario establecido, limitando ademais a súa vixencia ao día 31 de decembro de 2013.

Finalmente, a entrada en vigor do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, constitúe un motivo adicional para axustar as bases reguladoras das axudas ás organizacións interprofesionais agroalimentarias ás previsións contidas nel, especialmente no que se refire á posibilidade de poder exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas, en caso de que o crédito consignado na convocatoria sexa suficiente e acerca da xustificación das subvencións outorgadas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de setembro de 2007,

DISPÓN O :

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1225/2005, do 13 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións ás organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

O Real decreto 1225/2005, do 13 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións ás organizacións interprofesionais agroalimentarias, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Finalidade das axudas.*

Poderanse conceder axudas para as seguintes finalidades:

a) Gastos de asistencia técnica, destinados á contratación laboral dun director técnico, xerente, ou cargo asimilado, das organizacións interprofesionais agroalimentarias. Comprende os gastos de soldos e seguraza social, ben como axudas de custo e gastos de viaxe, no exercicio das súas funcións, como máximo na contía establecida, para o grupo 2, no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, como indemnizacións por razón do servizo para o persoal ao servizo da Administración xeral do Estado, excluíndose os gastos de indemnización por despedimento.

b) Desenvolvemento das funcións das organizacións interprofesionais agroalimentarias a través das seguintes accións:

1.^a Realización de campañas de información e promoción do produto ou sector obxecto das organizacións, ben como a creación da súa imaxe externa.

2.^a Elaboración de estudos referidos a algunhas das finalidades das organizacións interprofesionais agroalimentarias solicitantes.

3.^a Dotación, organización e posta en marcha de sistemas informáticos de arrecadamento, tratamento e transmisión de datos.

4.^a Equipamento e instalación de laboratorios de control.

c) Gastos de execución de plans marco específicos para o impulso e desenvolvemento da actividade interprofesional, destinados aos seguintes fins:

1.^o Deseño de plans estratéxicos para o sector.

2.^o Deseño e implantación de plans ou sistemas de mellora da calidade e da seguraza dos procesos que interveñen na cadea agroalimentaria.

3.^o Elaboración e aplicación de plans ou sistemas de rastrexabilidade, certificación e/ou acreditación.

4.^o Deseño de plans e sistemas de seguimento para o coñecemento dos mercados.»

Dous. O artigo 4 queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Contía e límites das axudas.*

1. A subvención dos gastos de asistencia técnica terá unha duración máxima de catro anos desde o comezo da actividade da organización interprofesional agroalimentaria solicitante, e establécense as contías e límites seguintes:

a) O importe da axuda poderá alcanzar até o 100 por cento do orzamento presentado nos dous primeiros anos, o 80 por cento no terceiro e o 60 por cento no cuarto.

b) A contía máxima da subvención nos dous primeiros anos de actividade será de 36.000 euros por ano, no terceiro ano de 30.000 euros e no cuarto de 25.000 euros.

2. Para os efectos da subvención establecida no artigo 3.a) as organizacións interprofesionais agroalimentarias poderán optar por considerar como primeiro ano de actividade o do seu recoñecemento ou o primeiro ano civil seguinte a aquel. Esta axuda de gastos de asistencia técnica deberase solicitar anualmente e de forma separada, sen que o outorgamento nun ano prexulgue a súa concesión en anos sucesivos.

3. As campañas de información e promoción do produto ou sector obxecto das organizacións, ben como a creación da súa imaxe externa, poderán ser subvencionadas cun importe de até o 50 por cento do orzamento previsto, cun límite de 90.000 euros por campaña. As campañas respectarán as condicións e criterios establecidos para as axudas para a publicidade de produtos agrícolas nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario 2007-2013.

4. As axudas para a realización de estudos relacionados coas finalidades das organizacións interprofesionais poderán alcanzar o 50 por cento do custo previsto, cun límite máximo de 45.000 euros por estudo.

5. Cada unha das accións previstas no artigo 3.b) 3.^a e 4.^a e c) poderán ser subvencionadas cun importe de até o 50 por cento dos gastos orzamentados, cun límite máximo de 90.000 euros por acción.

6. Poderanse subvencionar anualmente, por cada organización interprofesional agroalimentaria, dúas campañas de información e promoción do pro-

duto ou sector ou de creación da súa imaxe externa e dous estudos relacionados coas súas finalidades.

7. Ningunha organización interprofesional agroalimentaria poderá obter máis de cinco axudas anuais para a realización das accións establecidas no artigo 3. b) e c).

8. As contías máximas das axudas ás organizacións interprofesionais agroalimentarias actualízanse anualmente, a partir da convocatoria para o ano 2009, en función do índice de prezos de consumo (IPC) do ano precedente. A actualización das contías máximas publicarase na correspondente orde de convocatoria das subvencións.

9. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.»

Tres. O número 1 do artigo 8 queda redactado como segue:

«1. A instrución do procedemento será realizada pola Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación, nos termos previstos nos artigos 22 e 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Non será necesario fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos para acceder ás axudas no caso de que o crédito consignado na convocatoria sexa suficiente, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación.»

Catro. O artigo 11 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 11. *Xustificación dos gastos e pagamento da subvención.*

1. Os beneficiarios deberán acreditar, con carácter previo ao pagamento, a realización das actividades e o importe dos gastos efectivamente realizados.

2. Os gastos anuais de asistencia técnica xustificaranse trimestralmente ao longo do mes seguinte ao trimestre natural de que se trate. A data de emisión das nóminas, facturas e demais xustificantes de gasto constituirá o criterio determinante para considerar se os gastos se realizaron no período obxecto de xustificación. A falta de xustificación nun trimestre suporá a perda do dereito ao aboamento da axuda nese período. No suposto de que a notificación de concesión da subvención se efectúe unha vez finalizado un trimestre natural, a xustificación correspondente aos períodos trimestrais anteriores terá lugar no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción daquela.

3. As subvencións para o desenvolvemento das funcións das organizacións interprofesionais agroalimentarias e a execución de plans marco específicos, establecidas no artigo 3.b) e c) poderanse xustificar até o día 15 de novembro do ano do seu outorgamento. A falta de xustificación no prazo sinalado dará lugar á perda do dereito a percibir o importe da subvención concedida.

4. A xustificación das subvencións terá lugar mediante a presentación dunha memoria de actuación indicativa das accións realizadas e dos resultados obtidos e unha memoria económica, que conterá:

a) Unha relación por duplicado dos gastos realizados, clasificados segundo as diversas epígrafes do orzamento presentado, con indicación das desviacións orzamentarias acaecidas e dos criterios de repartición dos custos xerais ou indirectos.

b) Orixinal e copia das facturas e dos documentos xustificativos dos gastos efectuados. Con carácter xeral, os gastos acreditaranse mediante facturas, que deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro. Serán admitidos os recibos expedidos por máquinas rexistradoras naqueles supostos previstos pola normativa vixente.

Os gastos de persoal xustificaranse mediante a correspondente nómina asinada polo destinatario. No primeiro período de xustificación presentarase, ademais, unha copia do contrato de traballo. No caso dos pagamentos á Seguridade Social presentarase os respectivos documentos de cotización.

c) Os comprobantes orixinais e copias dos pagamentos das facturas e dos xustificantes de gasto. De conformidade co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

d) Un certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria e outro da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, acreditativos de estar ao día no cumprimento das obrigas fiscais e de seguridade social. Se non se presentan estes certificados, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá pedir a cesión dos correspondentes datos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ao abeiro do disposto no artigo 23.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Dous exemplares dos estudos, publicacións ou material promocional editado.

f) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

g) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións, deba de ter solicitado o beneficiario.

5. Todos aqueles gastos cuxo importe exceda 3.000 euros deberánse pagar necesariamente a través da conta bancaria dada de alta na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira pola organización interprofesional agroalimentaria beneficiaria da axuda.

6. Se os gastos efectivamente realizados foren inferiores aos orzamentados inicialmente, procederase á redución proporcional da axuda, sempre que se atinxisen os fins e obxectivos que presidiron a concesión da subvención. No caso das subvencións establecidas no artigo 3.b) e c), non se considerarán cumpridos os seus obxectivos se non se executa, como mínimo, o 60 por cento do orzamento previsto.

7. Unha vez xustificada adecuadamente, a xuízo do órgano concedente, a realización da actividade obxecto de subvención, procederase ao pagamento da axuda.»

Cinco. A disposición transitoria primeira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria primeira. *Gastos de asistencia técnica.*

As organizacións interprofesionais agroalimentarias recoñecidas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e alimentación con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto poderán acceder á subvención dos gastos de asistencia técnica, establecidos no artigo 3.a), durante catro anos contados a partir da entrada

en vigor da orde ministerial de convocatoria das axudas para o ano 2007.»

Seis. Engádesse unha nova disposición transitoria terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Expedientes pendentes de pagamento á finalización da vixencia deste real decreto.*

Todos aqueles expedientes de subvención, xustificadas no prazo establecido, que se encontren pendentes de pagamento á finalización do período de vixencia deste real decreto continuarán a rexerse polas súas disposicións até o pagamento final da subvención debida.»

Sete. A disposición derradeira cuarta queda redactada como segue:

«Disposición derradeira cuarta. *Vixencia.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial*

del Estado e terminará a súa vixencia o día 31 de decembro de 2013.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA